

INTRODUCCIÓN

O noso centro pasou a integrarse no PLAMBE no curso 2009/10. Supuxo para o centro transformación no abordamento das aprendizaxes ao contar con novos recursos que fomos incorporando á biblioteca que favoreceron novas maneiras de abordar o currículo: hora de ler, mochilas, traballo por proxectos, escornabots, radio escolar.

A biblioteca sufriu unha transformación completa, dende o espazo ata os fondos, o uso por parte de alumnado e profesorado, pasando de ser unha aula máis do centro á protagonista dos eventos, e ó centro de recursos vital do centro.

Aquel espazo inicial, que era unha aula ordinaria do centro con estantes metálicos para colocar os libros foise convertendo nunha biblioteca acolledora e funcional ao servizo do alumnado e o profesorado atopando nela fontes informativas diversificadas, a posibilidade de prácticas innovadoras no tratamento dos contidos curriculares así como a educación para a lectura crítica, por pracer, os recursos para a consulta da información e a investigación ou do uso responsable de internet.

A biblioteca Escolar é un recurso vital no centro que dinamiza a lectura, a investigación e búsqueda de información protagonizando os proxectos levados a cabo durante o curso e atendendo ao desenvolvemento do currículo e das competencias clave.

Unha das señas de identidade do noso centro é a educación en valores, a par que a construción do coñecemento, no obxectivo de formar persoas solidarias, comprometidas co seu entorno próximo e coa sociedade na que se atopan. Nas diversas conmemoracións, nas que xeralmente se poñen en xogo este tipo de valores, a biblioteca está sempre presente, sendo a protagonista e o soporte dos recursos para o desenvolvemento das actividades que se programan.

A biblioteca é un ente activo, tanto promovendo actividades, como poñendo ao alcance de todo o alumnado os seus recursos e ferramentas, compensando as desigualdades socioculturais e económicas de orixe do alumnado e atendendo ás NEAE.

A biblioteca escolar é o espazo no que lemos, nos informamos, investigamos, aprendemos e tamén disfrutamos.

GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS:

En xeral o grao de consecución dos obxectivos podemos dicir que é bo. Cada curso é un tramo do camiño no que aínda queda percorrido e no que hai que salvar dificultades.

A situación do centro derivada dos recortes, ten como consecuencia a escasez dos recursos humanos. Quizáis sexa esta a dificultade fundamental, máis o compromiso para que siga a funcionar a nosa biblioteca, levounos a dedicar tempo ás veces fóra do horario lectivo priorizando as actividades de dinamización e o tratamento da información e a investigación, para que o noso alumnado sente as bases da afición á lectura, e do uso da biblioteca, para atopar información, sendo estes os cimentos na contrución dunha formación rica, de persoas autónomas, capaces de buscar e aprender.

Establecemos obxectivos atendendo a: dinamización da lectura, a educación para a competencia en información, a xestión e organización da biblioteca, buscamos a relación coas TICs e demais departamentos: EDLG, Actividades Complementarias e Extraescolares así como coa aula abalar e a aula virtual do centro, sendo a biblioteca o eixo vertebral da actividade docente do centro.

A) A NOSA BIBLIOTECA, ORGANIZACIÓN EXESTIÓN

- Recopilar, seleccionar e organizar os fondos da biblioteca.
- Priorizar as necesidades para adquirir fondos novos.
- Manter a figura dun [profes@r](#) coordinador da biblioteca e a constitución do equipo de biblioteca coas funcións definidas.
- Implicar ao profesorado nas actividades da biblioteca. Manter o equipo de apoio á biblioteca con funcións definidas e horario.
- Implicar ós [alumn@s](#) de 5º e 6º nas responsabilidades da biblioteca escolar. Equipo de biblioaxudantes.
- Distribuir o espazo físico creando recunchos en relación co meiga primeiros lectores, lectores autónomos, espazos temáticos, acadando un ambiente agradable e motivador.
- A incorporación de novas tendencias e espazos: espazo para a creatividade, a aprendizaxe manipulativa, a investigación, o traballo colaborativo e a construción do coñecemento de xeito compartido. Creación do espazo fedelleiro, e o da radio escolar, este último provisional ata non ter a rematada a reforma que contempla un espazo para a radio contiguo á biblioteca.
- Dotar economicamente a biblioteca.
- Abrir a biblioteca escolar á comunidade para que sexa un elemento dinamizador da súa vida cultural propiciando relacións co exterior.
- Establecer contactos e actividades conxuntas cos centros da zona que se atopan na rede do PLAMBE, dado que xa somos varios.

- Catalogación e rexistro informático dos fondos da biblioteca a través do programa Meiga.
- Actualizar os carnés de bibliotecarios e as axenda de lectura cada curso escolar.
- Uso da biblioteca de aula e do centro, amosando certo coñecemento da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades literarias e na elaboración de propostas.
- Convertir a biblioteca escolar no principal centro de recursos do centro. Para elo é preciso organizar os recursos con criterios estandarizados e crear os espazos para o uso dos recursos.

No referente aos obxectivos plantexados, podemos dicir que a maioría sendo obxectivos amplos están en proceso de consecución de xeito satisfactorio.

HORARIO DO RESPONSABLE E DO EQUIPO DE BIBLIOTECA

O equipo de biblioteca estivo integrado por:

Óscar Gallardo Amiama cunha hora de adicación

Julio A. Arias Couso cunha hora de adicación

Félix Gómez Gómez Cunha hora

Responsable: Adoración Fernández González con tres horas de adicación

Horario de dedicación:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª					
2ª				Félix	
3ª					
4ª					Adoración
5ª	Julio Adoración	Óscar Adoración			

Con este equipo implícase a totalidade do profesorado na participación e no desenvolvemento das actividades deseñadas e propostas polo equipo de biblioteca.

No centro, lévanse a cabo actividades extraescolares da escola municipal de música, ubicada nas instalacións do colexio. Aproveitando que contan con tempos de espera ás veces entre unas clases e outras propúxoselle ás familias a posibilidade de abrir a biblioteca todos os xoves polas tardes despois do horario lectivo.

Inda que esta proposta foi ben acollida, ninguén se quixo facer responsable, polo que seguiremos insistindo no vindeiro curso.

B. BIBLIOTECA EDUCACIÓN PARA A COMPETENCIA EN INFORMACIÓN

- Proporcionar un continuo apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe favorecendo un ensino de calidade.
- Apoiar a adquisición das competencias clave do alumnado e contribuír a un maior logro académico.
- Integrar a biblioteca na actividade docente.
- Convertir a biblioteca no centro que oferta metodoloxías innovadoras e consecuentes coas necesidades educativas actuais.
- Formar ao alumnado no coñecemento e uso da CDU para desenvolverse comodamente na biblioteca.
- Integrar a utilidade e a xestión da biblioteca escolar nos documentos do centro.
- Descubrir as posibilidades dos fondos da biblioteca como fontes de información.
- Coñecer e divulgar os diferentes fondos da biblioteca
- Adquirir habilidades para a búsqueda, tratamento e selección da información.
- Comezo no uso das bibliotecas, incluíndo as virtuais, de xeito cada vez máis autónomo, para obter información e modelos para a produción escrita.
- Elaborar guías de uso sinxelas e prácticas para os usuarios
- Crear cidadáns e cidadás conscientes e interesados no desenvolvemento e na mellora da súa competencia comunicativa, capaces de interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida.
- Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.

C) BIBLIOTECA FOMENTO DA LECTURA E ESCRITURA

- Implicar a toda a comunidade educativa no proxecto ([profesor@s](#), pais/nais, [alumn@s...](#))
- Dinamizar a biblioteca escolar con actividades de animación á lectura e á escritura.
- Estimular o hábito da lectura despertando o interese por ler dende os primeiros momentos.
- Cultivar n@s [nen@s](#) o pracer por ler compensando a falta de estímulos familiares e sociais de xeito que a lectura ocupe periodos de lecer.
- Mellorar a calidade e a comprensión lectora.

- Facer dos alumnos e das alumnas lectores competentes, implicados nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida.
 - Convertirse no espazo privilexiado para o achegamento á lectura de textos literarios e informativos, sexa en formato impreso ou dixital, de forma presencial ou telemática, e para a adquisición paulatina do hábito lector.
 - Convertirse no lugar e no recurso para o desenvolvemento do Proxecto Lector
- Realizar diferentes tipos de lectura: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal, de resolución de problemas.
- Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos
 - Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios.

Inda que consideramos que se cumpren os obxectivos en bo grao somos conscientes da súa amplitude, da importancia de revitalizar continuamente a dinamización da biblioteca, de actualizar, coñecer e divulgar os seus recursos, ou simplemente estimular o hábito lector dende os primeiros momentos, cultivando o pracer por ler, compensando a falta de estímulos familiares e sociais de xeito que a lectura ocupe periodos de lecer.

Os fondos poden saír da biblioteca, tanto para abastecer a hora de ler, con materiais de consulta que se levan as aulas segundo os temas que se estén dando.

A biblioteca é a protagonista das conmemoracións e celebracións do centro, diseña e propoñendo sempre, en calquer conmemoración, algunha actividade dende a biblioteca, creando os recunchos informativos para os proxectos de traballo, ou ofertando as lecturas, acompañadas de actividades en torno ás temáticas: Samaín, a Paz, a igualdade, o día da non violencia, o día da árbore, día do libro, Letras Galegas...

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

A) ACTIVIDADES EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN DA BIBLIOTECA E A SÚA XESTIÓN.

Os fondos da biblioteca atópanse todos organizados, con etiquetas rotuladas nas mesmas cores de clasificación da CDU, de xeito que é doado atopar información. A biblioteca conta con recunchos por idades: primeiros lectores, lectores autónomos,

expertos e adultos, o recuncho de material de consulta para nen@s e para adultos, o recuncho de informática e recursos multimedia. Cada recuncho conta con dous espazos galego e castelán. Os libros colócanse seguindo a catalogación e as cores da CDU extraídos da catalogación de meiga.

O recuncho de informática na biblioteca conta con catro ordenadores, dous de mesa e dous portátiles. Estes últimos tamén saen da biblioteca ao igual que os fondos cando é necesario.

Na biblioteca atópanse todos os materiais de consulta, polo que tanto se poden levar para aula en momentos puntuais, relacionados co tema que se está a tratar, como desenvolver a clase na biblioteca, para realizar os traballos propostos. O alumnado de 5º e 6º recibiu varias clases de C. Sociais: para realizar o traballo da UE que logo expuxeron, para realizar o mural de Europa e Asia, para realizar o traballo proposto no libro sobre o Medio ambiente, os problemas que causamos, e medidas para protexelo.

A aula abalar, a aula virtual, os proxectos do centro como Voz natura, e os departamentos de EDLG ou Actividades Complementarias e Extraescolares convértense nos eixos a través dos cales a biblioteca difunde as iniciativas e proxectos....O desenvolvemento da maioría das actividades realizadas ao longo do curso xurdiron dende a biblioteca.

Este curso incorporamos novas seccións. Unha nova moi ben acollida por [tod@s](#) que nos ilusionou foi o proxecto de radio escolar que supuxo unha revolución no centro. O interés do alumnado e a implicación foi enorme dende a chegada do primeiro material. Descubrimos unha ferramenta de múltiples posibilidades: motivadora, que favorece a inclusión, a investigación, a reflexión, a análise da información, o desenvolvemento das competencias clave do alumnado e o acceso ao currículun dun xeito innovador e motivador. Mercamos o material necesario para crear o laboratoria de radio: mesa de mezclas, ordenador, micros, auriculaes.....

Outra sección foi a creación do espazo fedelleiro mercado catro escornabots... Descubrimos aquí tamén as múltiples opcións desta ferramenta innovadora, inclusiva que desenvolve múltiples destrezas no alumnado.

Existen tamén pequenos recunchos temáticos: a Paz, a igualdade, o coidado da contorna...e os recunchos que cada ano imos creando relativos aos escritores que por algún motivo o alumnado coñece con máis intensidade; contamos co recuncho de Fina Casalderrei, Agustín Fernández Paz, Neira Vilas, Rosalia de Castro, Manuel María, Carlos Casares e María Victoria Moreno creado este curso.

En relación ao número de fondos catalogados seguimos no proceso, pois a pesar de ser unha actividade continua ao longo do curso, a disponibilidad horaria é escasa facendo esta labor moitas veces fóra de horario lectivo, dado que non require presenza do alumnado.

Na actualidade estamos a catalogar as novas adquisicións, quedando por catalogar material audiovisual e o recuncho dos fondos de enciclopedias e material de consulta para os rapaces non sendo este un impedimento para que sexan usados, xa que contamos cun sistema de fichas de préstamo manual.

Cos fondos restaurables seguimos a manter o obradoiro de recuperación. Estes libros estiveron nun recuncho de lectura nun espazo que se habilita no comedor que xa non se usa como tal, a fin de enriquecer o tempo de lecer especialmente nos días en que as condicións climatolóxicas son adversas e non se pode saír fóra.

Este ano o orzamento da biblioteca destinouse á adquisición de fondos, actualizando novidades, enriquecendo os recunchos, coa creación do de María victoria Moreno, lecturas de Samaín, e algún tema como Medio ambiente, bulling, en torno á temática do plambe, aprender a pensar, fondos relacionados cos nosos proxectos de traballo: a historia da contorna e da volta ao mundo dado que este ano celebramos o quinto centenario.

Mercamos **a pizarra dixital e o proxector para a biblioteca**. As obras do centro, no periodo de Nadal, supuxo un traballo de desaloxo de aulas e reorganización tremendo, polo que quedou sen instalar ata o curso que vén contando que previsiblemente cambiemos a biblioteca para a planta baixa do centro aumentando o espazo para esta, pois empeza a quedarnos pequena coa incorporación dos novos recunchos.

Na organización do funcionamento da biblioteca implicamos ao alumnado de 5º e 6º que colaboran encantados. **Convértense nos biblioaxudantes.**

No 1º trimestre. Realízase a planificación do curso escolar que se plasma na PXA. E no Plan Lector. A biblioteca é un recurso vital, soporte da maior parte das actividades desenvolvidas, conmemoracións, desenvolvemento do ensino aprendizaxe, os proxectos seleccionados.

É preciso organizar os recursos, dalos a coñecer, así que, unha vez constituido o Equipo da biblioteca, son os primeiros en formarse e coñecer as funcións establecidas na convocatoria. Danse a coñecer os criterios en canto á distribución e colocación dos

fondos na biblioteca seguindo o proxecto inicial de recunchos xa mencionados anteriormente.

O Equipo de biblioteca recibe unha sesión de formación no centro para catalogar en Meiga e distribúense as tarefas: uns catalogan, outros colocan texuelos, os libros nas estanterías...

Os biblioaxudantes colaboran na organización e xestión da biblioteca escolar.

O día das bibliotecas escolares aproveitamos para facer a festa na biblioteca e dar a coñecer estes criterios de clasificación e organización así como da importancia de mantela en orde a fin de que a tod@s nos sexa máis doado buscar e atopar. Damos a coñecer o servizo de préstamo ao profesorado e como se xestiona en meiga. Tamén se explican as obrigas de coidar o material a fin de usalo e atopalo en bo estado. Estas **xornadas informativas corren a cargo dos biblioaxudantes**, o alumnado de 5º e 6º recibe primeiro esta formación. Este curso elaboramos con eles unha presentación en power point que contiña os criterios básicos da CDU, a información que contén un texuelo, os recunchos da biblioteca. Normas e consellos para usar a biblioteca. Logo empregárona para explicar a todo o centro o uso e colocación da biblioteca e ás familias a través dunhas xornadas de portas abertas na semana da biblioteca na hora de ler.

Tiveron moi boa acollida tanto polas familias como polos **biblioaxudantes**, que afianzaron interiorizaron tanto os criterios da CDU como as normas da biblioteca. Colaborando coa biblioteca escolar o alumnado desenvolve destrezas que o enriquecen enormemente: a comunicación lingüística, a autonomía e iniciativa persoal, o tratamento da información e competencia dixital, edúcase así mesmo nas actitudes de colaboración e axuda, na importancia de respectar os materiais de uso común e de contribuír coas súas achegas ao bo funcionamento da biblioteca, un recurso vital no centro.

Para dar a coñecer a biblioteca ao resto do alumnado empregamos tamén un xogo que lle chamamos a Mariola preguntona. Dene 3º a 6º fórmanse equipos verticais, que integran alumn@s dos catro cursos. Teñen que percorrer a Mariola en equipos. En cada casilla hai preguntas de distintas cores: a CDU, organización dos fondos, buscar información, un libro, un escritor, seleccionar material para tratar un tema....

Os biblioaxudantes, baixo a supervisión dun profesor do Equipo manteñen a biblioteca aberta os martes e os xoves no tempo de lecer despois de comer. Establécese

un calendario con turnos de dous responsables. Alí poden ir dende 3º a ler, estudar ou consultar información...

O equipo de biblioaxudantes colaborará nas seleccións temáticas dos libros. Por **Samaín, e a non violencia de xénero** fixéronse seleccións de contos para a hora de ler, en relación ás temáticas, con ofertas lectoras para todos os cursos e farán de asesores cos máis pequenos sobre os contos que eles xa coñecen, polo día do libro contan contos cos apadriñamentos lectores, polas Letras Galegas prepararon contos de María Victoria Moreno para contar na hora de ler.

Neste primeiro trimestre organízase a hora de ler na que participa todo o Claustro e acórdase dedicar unha hora semanal das linguas a actividades de dinamización. A esta hora chamámoslle Plan Lector e dende aquí, ademais de actividades de dinamización da lectura e a escritura organízase tamén o servizo de préstamo e funcionan moitas veces os clubs de lectura.

Durante o primeiro trimestre, tamén se solicitan os carnets para os usuarios da biblioteca que se entregaron polo día da biblioteca.

No 2º trimestre seguimos coa colocación dos fondos paralelos á catalogación e a realización de expurgos.

No segundo trimestre puxemos en marcha o **proxecto de radio escolar no centro**. Buscamos un nome: Radio Guímaro e a partir de ahí a radio escolar estivo presente nas actividades que veñen a ser un evento no centro, ou simplemente para ler, comentar un conto, contalo, recitar....

Outro proxecto que tamén precisa o seu espazo e comezou a andar neste trimestre foi **o espazo fedelleiro coa chegada dos escornabots**. Supón unha maneira distinta de acceso ao currículo, pero pronto descubrimos que con esta ferramenta motivadora e inclusiva podes traballalo case todo. Elaboramos materiais para C. Sociais, un mapa político de España coas autonomías e provincias, material de C. Naturais sobre os ecosistemas e a clasificación dos animais, para matemáticas, para facer un repaso ao final do tema, con problemas, as medidas de lonxitude, capacidade e peso.

Neste trimestre puxéronse en marcha as mochilas viaxeiras.

Crearonse os recunchos en relación á volta ao mundo e materiais sobre a Ribeira Sacra que os achegara a historia e etnografía.

Organizáronse saídas ao Castro de San Lourenzo acompañados de Xosé Gago , e a unha excavación na localidade de Repil que evidencia sucesos ocorridos despois da guerra civil.

Durante o período vacacional de semana Santa acometeuse unha reorma profunda no centro. O Centro conta con dúas alas en forma de L con dúas plantas. A proposta é reformar unha e a planta baixa e deixar desafectada a outra para o Concello. Isto supuxo tirar tabiques para redistribuír as aulas, colocar falso teito dada a excesiva altura, pintar e colocar tarima flotante no chan. Na biblioteca houbo que colocar o falso teito e pintar de novo simplemente. Pero foi preciso desmontar o recuncho da radio, tapar estanterías...co que a biblioteca na última semana antes das vacacións quedou pechada.

No 3º trimestre seguimos avanzando coa catalogación dos fondos a través de meiga.

Unha vez finalizadas as obras incorporámonos ás aulas novas pouco a pouco e comezamos a recolocación da biblioteca.

Foi preciso sacar todos os libros das estanterías, limpar a fondo libros e estanterías, e volver a colocar.

Neste traballo colaboraron os biblioaxudantes na colocación de novo dos libros.

O día do libro, achegounos de novo aos contos, realizando apadriñamentos. Neste caso contan contos dende 3º a 6º. Terceiro e cuarto contoulle a infantil e 5º e 6º a 1º e 2º.

Seguimos afianzando o traballo coa nosa Radio Guímaro facendo entrevistas a persoas que nos axudaron a descubrir moito da nosa historia como os arqueólogos Xurxo Ayán e Xosé Gago. Escoitamos a Natalia que nos falou dun conxunto etnográfico de Sequeiros do seu Pobo, a Xulia unha mestra xubilada que nos falou da súa escola, cando era nena, e despois como mestra antes de vir para este colexio, do que moitos dos nosos país e nais xa foron alumnos e nos axudaron a construír a súa historia.

Coñecemos a través da aula virtual en algunhas sesións da hora de ler, mediante proxeccións de documentais elaborados por persoas deste concello no ánimo de gardar a memoria destes traa persoas ballos algúns oficios da nosa contorna: os zoqueiros, os muiñeiros, o traballo da malla.

Outras actividades desenvolvidas ao longo de todo o curso:

A biblioteca prolongouse fóra do seu espazo durante todo o curso: a través dun espazo nun recuncho no comedor escolar reseñado anteriormente.

Chegan ás aulas tamén a través dos maletíns viaxeiros, que se renovan cada trimestre ou cando considere o profesor titor que abastecen a hora de ler.

Material de consulta que se leva ás aulas ás veces segundo os temas sobre os que se esté a traballar.

Cara o vindeiro curso continuaremos coa catalogación e rexistro informático dos fondos através de Meiga, Actualizaranse os carnets dos usuarios da biblioteca, seguirase a fomentar a formación prioritariamente dos biblioaxudantes e do Equipo da Biblioteca que seguirá a formarse e a buscar propostas de dinamización da biblioteca mantendo o protagonismo de todos os eventos do centro e sendo o recurso e apoio fundamental para o proceso de ensino aprendizaxe.

Manteremos actualizada a páxina web e o blog da biblioteca, unha canle estupenda para compartir con PLAMBE e coas familias.

B) ACTIVIDADES EN RELACIÓN COA DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

Englobamos neste apartado todas as actividades destinadas ao fomento da lectura: narracións, lecturas compartidas, encontros con autores, xogos de animación, obradoiros de contos, poesía, teatro... a lectura para aprender, para investigar, elaborar un traballo e tamén a lectura pracenteira, individual que ten como obxectivo o disfrute do texto.

Dende o mes de outubro a maio, por oitavo curso consecutivo, desenvolveuse no centro **a Hora de ler**, en horario despois do recreo de 11:45 a 12:05. Esta activiade realizase sacando das sesións da mañá cinco minutos a cada unha incluído o recreo. Para que as aulas conten con recursos para esta actividade en cada aula colócase un maletín viaxeiro, que contén contos diversos para cada grupo de aula e que os titores ou profesores de área seleccionan dende a biblioteca. Estes maletíns cambian os fondos trimestralmente. Algunhas veces segundo o criterio do profesor empregouse a pizarra dixital ou a biblioteca para esta sesión.

Nesta sesión lese e cóntase; por samaín os biblioaxudantes, organizaron unha sesión de contos de medo recollidos da zona, as familias viñeron a contar contos de medo na sesión da hora de ler. No mes do libro, leron contos, poemas para nen@s.... Outras veces prepararon contos de guiñol por parte dos biblioaxudantes para os máis pequenos

Destinamos no centro **unha hora de linguas á dinamización da lectura e da escritura**, ou a de libre configuración en 4º e 6º impartindo esta hora profesorado responsable da biblioteca. Desenvolvéronse moitas das actividdes de dinamización da lectura e da biblioteca. Funcionou tamén o servizo de préstamo levando semanalmente

ou quincenalmente. Cada semana antes de cambiar o libro elaboran un rexistro de lectura na súa axenda de lectura, que non é outra que unha libreta do PLAMBE, de xeito que ao remate do curso cada alumno ten o seu historial de libros lidos.

Nesta hora tamén desenvolvemos ás veces as reflexións **dos clubs de lectura**. Contamos con tres o de 3º e 4º, o de 5º e 6º e outro creado co alumnado de 5º e 6º e cos usuarios do centro de día. Co centro de día facemos reunión mensuais, o último xoves do mes. Esta assemblea faise na hora de Plan Lector sinalada anteriormente.

Por outra banda, desenvolvemos actividades de creatividade a través **da participación en concursos**: organizados polo centro Certame de Contos de Nadal e Certame de contos Letras Galegas, ou polo concello ou outras entidades que consideramos de interés didáctico.

Ademáis das Commemoracións específicas a biblioteca protagoniza todas as celebracións que nos achegan á educación en valores proponendo lecturas relacionadas coa temática do momentoe diversas actividades en torno ás lecturas: Día da Paz, Samaín, Magosto, Nadal, Día do Medio Ambiente, Letras Galegas...

Día das Bibliotecas Escolares: Visita á biblioteca para unha sesión chea de sorpresas. Presentamos a súa organización, coñecemos as normas a cargo dos biblioaxudantes, que realizaron durante esa semana, na hora de ler, xornadas de portas abertas para as familias, alumnado e profesorado. Organizamos actividades cos contos

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/623>

Samáin. Exposición de lecturas coa temática do medono recuncho de lecturas temáticas para todas as idades. Durante este mes na hora de Plan lector cada curso leo un libro en torno a esta temática.

Infantil: “Corre, corre cabaciña”.

1º e 2º : “O aprendiz do home saco”

3º e 4º: “Pantasma no corredor” Agustín Fernández Paz

5º e 6º : “Malos tempos para os fantasmas” Agustín Fernández Paz

Na semana de Samaín do 30 ao 3 de novembro, na hora de ler, as familias viñeron a contar contos de medo á biblioteca.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/625>

Tamén fixemos a nosa primeira xuntanza deste curso co centro de día e vivimos un samaín moi especial á súa carón.

Magosto.- Ademáis da celebración co asado das castañas aportadas polas familias sempre indagamos nesta tradición. Iniciamos a recollida de información para desenvolver o **proxecto de traballo “Escaneando o pasado”** aproveitamos para coñecer o castiñeiro que tivo importancia no noso concello, pois eran abundantes, así como os sequeiros, lugares onde se secaban as castañas. Visitamos o souto de Paramedela, restaurado pola Xunta co seu sequeiro. Acompañounos Felipe, promotor desta iniciativa que nos aportou moita información da vida dos nosos avós e avoas e do aproveitamento do castiñeiro e da castaña, así como dos cuidados que precisa.

Realizamos un manual de receitas elaboradas con castañas.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node?page=3>

Despois celebramos a festa do tradicional magosto, no que para seguir tamén a tradición acabamos todos maquillados co carbón.

Día da non violencia de xénero.- No mes de novembro seleccionamos lecturas relacionadas con esta temática e traballos sobre elas nos clubs de lectura.

Infantil 1º e 2º: “Artur e Clementina”

3º,4º: “Xela volveuse vampira”, “O neno can”

5º,6º: “o agasallo de Anya”, “O neno can”

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/63>

Na aula virtual, durante esa semana na hora de ler, vimos anuncios da campaña en contra da violencia de xénero. O último día as mestras contaron experiencias. Despois elaboraron o seu propio anuncio e creamos un mural.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/631>

5º e 6º fixo a súa xuntanza co centro de día e fixeron unha sesión de reflexións conxuntas sobre o libro que tamén leron no centro de día: “O agasallo de Anya”

Nadal: Cada curso o centro ambientase en torno ao nadal coas creacións do alumnado. Celebramos un festival no que participa todo o alumnado do colexio e ao que acuden as familias. Todo un traballo de equipo para celebrar o último día de curso antes do Nadal.

Como cada curso tamén aparece a convocatoria do XXVII Certame de contos de Nadal a partir de primeiro e no que participa todo o alumnado. Os premios entréganse no festival.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/636>

Día da Paz: Reflexionamos sobre os incendios, unha situación que nos afectou ce cheo coa vaga de incendios. De novo na hora de ler, vimos doucumentais que nos achegaron as causas dos incendios en Galicia e as consecuencias. Despois o alumnado de 5º e 6º creou a letra dunha canción que arranxou e musicou o profe de música.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/637>

Día da Muller e Rosalia: Celebramos conxuntamente estas conmemoracións pois que mellor galega que Rosalia para representar ás mulleres. O Equipo de Biblioteca coordinou actividades que implicaban ao profesorado de plástica e ao EDLG. Coincidiu ca semana da prensa, así que aproveitamos ao máximo o noso recuncho da radio. Creamos cada día un programa, adicado a Rosalia comentando o valor desta escritora e recitando, investigamos na biblioteca sobre mulleres pioneiras e creamos programas: Simone Veil, Clara Campoamor, Simone de Beauvoir, entrevistamos aos periodistas rafa Aguiar e María Valcárce, da cadena ser de Monforte que visitaron a nosa radio.

Traballando con Rosalia, tamén plasmamos reflexións nun mural coa temática proposta pola Asociación de escritores de Lingua galega: Abre Fiestra.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node?page=2>

Día da árbore: participamos nunha actividade promovida pola Deputación de Lugo. Lectura e traballo cos contos cos que nos agasalla a Deputación. Na hora de ler léronse estes contos colectivamente en voz alta pois cada alumno conta co seu.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/654>

Convivencia co CEIP Ribas de Sil: Unha característica do noso centro ao longo do curso son as convivencias con outros centros e a oportunidade de compartir, convivir, construír coñecemento e valores. O 22 de marzo visitáronnos o alumando e profesorado de ribas de Sil. Estas visitas intercálanse, para o curso que vén iremos nós a Ribas de Sil. Aproveitando que estamos a indagar sobre a etnografía e que contamos co Castro de San Lourenzo organizamos para o alumnado a partir de 3º de primaria dos dous centros a visita ao castro acompañados polo arqueólogo Xosé Gago. Para o alumnado de infantil e primaria disfrutaron dunha sesión de contacontos, financiada polo concello, na casa da cultura con Estefania de Padullés.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/646>

Día do libro. Como cada curso organízanse os apadriñamentos lectores. O equipo de biblioteca selecciona contos que logo os rapaces dende 3º a 6º elixen e preparan para contar. Na sesión da

hora de ler, o día do libro sortearemos mediante o xogo do pano quen conta a quen.

Por outra banda, tendo en conta que estamos a celebrar o V centenario da volta ao mundo cada curso traballou un continente dando unha volta ás súas características máis relevantes e especialmente á literatura e cultura dirixidos á infancia. Logo comuuxemos un mural.

Infantil: Australia

Primeiro e segundo traballou sobre Asia

Terceiro e cuarto sobre América

Quinto e sexto sobre Africa e Europa

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/659>

Semana das Letras Galegas: Creamos o recuncho de María Victoria Moreno e organizamos a semana cultural dende o Equipo de biblioteca en coordinación co EDLG.

Retrasamos o festival para o día un de xuño, data na que teriamos o novo escenario rematado, e polo tanto a estrear este curso.

Neste enlace atopades o programa e o seu anuncio en radio Guímaro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/663>

Neste outro o desenvolvemento do festival:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/664>

Revista Outeiro: Durante o mes de xuño o alumnado do centro convértese en reporteiro. Chega o momento de volver a vista atrás e reflexionar sobre as experiencias máis salientables dun curso; Deste xeito creamos a revista Outeiro que este curso será o N° 34.

O Equipo de redacción estará formado polos biblioaxudantes, que se encargarán da distribución dos traballos ao resto do alumnado do colexio, levando eles unha maioría.

A fonte principal para recordar será a consulta á páxina web.

A revista está en proceso de creación neste moment

OUTRAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

Mochilas Viaxeiras: No 2º trimestre iniciamos en todos os cursos de primaria a **mochila viaxeira**. Esta actividade gústalle moito aos rapaces e é moi ben acollida polas familias. En infantil fíxose durante todo o curso; os ne@s levaron un conto para a casa os fins de semana, de venres a luns. Van creando a súa axenda coas copias das portadas dos contos que levan.

Establécese unha relación moi enriquecedora a vez que logramos a implicación das familias dunha forma activa e motivadora. Destacar a ilusión con que se acolle esta actividade e a boa predisposición das familias para colaborar en actividades deste tipo. O material da mochila viaxeira é variado: libros para a familia, pais, avós, irmáns menores, maiores e para eles. poesía e narración galego e castelán. Material audiovisual: xogos educativos e un documental.

A mochila está con cada familia tres semanas. Cando finaliza a súa estancia as familias fan as súas reflexións no caderno viaxeiro que se len na aula antes de emprender a visita á seguinte familia.

Esta actividade que dende a biblioteca implica ás familias ten o seu punto de encontro no mundo dos libros fomentando así a lectura nas familias tamén.

Clubs de Lectura

Este curso seguiron a funcionar os tres clubs de lectura creados no centro.

- **3º,4º** dentro da hora do Plan lector; Leron tres libros: "Malos tempos para os fantasmas" de Agustín Fernández Paz, "Xela volveuse vampira" de Fina Casalderrei, "O Neno can" "Eu conto, ti cantas"

- **5º e 6º**. Leron: "Malos tempos para os fantasmas", "O agasallo de Anya", "O valo" "Leonardo e os fontaneiros", "Mar adiante"

- **Club de lectura co centro de día**. Resultou unha actividade moi enriquecedora na que compartimos reflexións, vivencias de nen@s e maiores. Celebramos as reunións o último xoves de cada mes.

Compartimos con eles:

1ª xuntanza, Outubro Aproveitamos os contos tradicionais preparados para o día da biblioteca para contarllelos aos maiores que coñeceron o conto ao revés dos contos tradicionais que eles coñecían de toda a vida. Tamén compartimos con eles un obradoiro de maquillaxe e falamos do medo e do Samaín.

Novembro. Polo día da non violencia: Lemos tod@s "O agasallo de Anya", efixemos unha sesión de reflexión acerca deste gran libro que qborda varios temas: o valor da familia, das cousas sinxelas, os inmigrantes...

Decembro Acudiron como cada ano ao festival de Nadal.

Xaneiro: Traballamos sobre a etnografía, faláronnos dos oficios de antes.

Febreiro: Visitámoslos o venres, día dos disfraces no noso percorrido pola localidade. Nós imao disfrazados de romanos en relación co proxecto que estamos a desenvolver, sobre a etnografía, sendo un dos temas o castro de San Lourenzo, un castro romano. Eles estaban disfrazados baixo a temática da reciclaxe e cantárnnos unha canción.

Marzo: Falamos de Rosalia e recitamos tanto nós como eles algúns dos seus poemas. Démoslles a coñecer os exemplares editados sobre as mulleres coas que traballamos no colectivo Lemos Le.

Abril: Faláronnos de cómo era a súa escola, e os materiais que usaban.

Maiο: Acuden ao festival das Letras Galegas. Participamos con eles nun concurso interxeracional no que debuxamos algún oficio de antes, e situacións da vida.

Colectivo Lemos Le

Como cada curso mantemos reunións coas bibliotecas da zona a través deste colectivo compartindo propostas e desenvolvendo actividades conxuntas de dinamización das bibilotecas e tratamento da información e investigación.

Dende este colectivo organízanse as actividades en torno ao día da muller nas que se traballa todo o curso sobre unha muller da nosa zona. Este ano estamos a traballar sobre Genoveva González unha mestra de Bóveda, sobre a que, como cada ano, se elaborará un conto que ilustrará o alumnado de 5º e 6º dos centros de primaria da zona, un certame de banda deseñada para o alumnado de secundaria, e un certame de divulgación para os adultos.

A entrega de premios realízase cada curso polo día da biblioteca cun xantar ou cea aberto a cultura da zona e coa impresión do conto polo CIM de Monforte polo día da muller.

Tamén se crean trípticos de recomendacións lectoras polo Nadal e o verán que nestes intres se está a crear.

GRAO DE IMPLICACIÓN DO CENTRO E DA COMUNIDADE

EDUCATIVA

Traballamos para converter a biblioteca nun centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, apoiando ao profesorado na súa labor docente, e facilitando o acceso a todo o alumnado, indistintamente das suas capacidades ou singularidades, á biblioteca e á adquisición de competencias e hábitos lectores.

A biblioteca acolle, organiza facilita e difunde, entre os diversos sectores da comunidade escolar os recursos existentes para un uso eficaz destes. Polo tanto é o espazo de encontro dos distintos sectores da comunidade educativa coa cultura, a investigación, a lectura, a creación, a construción do coñecemento.

Nas actividades desenvolvidas así como no propio proxecto implicouse e participou sempre o Claustro de profesores. O equipo de biblioteca, como xa reseñamos constituíuse con aqueles profesores voluntarios pois a liberación horaria é escasa. Asumiron o desenvolvemento do proxecto lector e a dinamización da biblioteca, aínda que nas propostas e na toma de decisións implicamos ao Claustro.

O alumnado, respostou sempre moi positivamente en torno ás actividades relacionadas coa biblioteca, @s [nen@s](#) e [nen@s](#) de 5º e 6º convírtense como xa referimos en biblioaxudantes colaborando na organización e funcionamento da biblioteca.

As familias tamén acollen moi ben actividades propostas dende a biblioteca, colaborando positivamente en calquer actividade proposta: recopilación de información, de contos, adiviñas, a mochila viaxeira, acudir a contar contos...

Participamos en actividades coa biblioteca municipal, como día da non violencia, o día de Rosalia ou asistimos a actos ou actuacións ofertadas polo concello. Dende a biblioteca xurdiu a investigación sobre os brindos, e a convivencia co IES Vila de Cruces, en colaboración co concello.

A biblioteca foi o lugar de encontro con persoas que Acudiron a contarnos: dos Sequeiros Natalia, das escolas unitarias Xulia e Lola; as familias contos polo Samaín. **Radio Guímaro** tamén foi un lugar de encontro para enriquecernos: Acudiron á entrevista dos biblioaxudantes Xurxo Ayán e Xosé Gago que nos falaron da fascinante profesión da arqueoloxía, como contribúe a entender, a esclarecer ou descifrar moitas veces o pasado, que información nos ten aportado o castro de San Lourenzo....Outras veces foi o espazo no que investigamos e logo gravamos o noso programa de radio xa reseñados: mulleres pioneiras, Rosalia...

A biblioteca tamén nos obriga a saír e recopilar información. Traballando sobre os restos etnográficos saímos e contamos con información de persoas como Felipe, promotor da restauración do Souto de Paramedela, visitando este lugar. Saimos tamén ao Castro de San Lourenzo acompañados de Xosé Gago, a Repil acompañados de Xurxo Ayán...Despois organizamos e creamos a nosa información na biblioteca.

As familias colaboraron aportando información, sobre as escolas unitarias, restos de albarizas, distintos vestixios do patrimonio inmaterial como romarias, ou traballos: a vendima, a malla...

Este curso merece resaltar unha iniciativa do alumnado que reflicta o seu apego ao centro e á biblioteca. O alumnado de 6º elaboraou un libro que intenta reflexar o seu paso polo centro e o profesorado que o acompañou, sendo un agasallo para a biblioteca.

A biblioteca ten presenza diaria na vida do centro. Os recursos impresos, multimedia, dixitais ou virtuais están accesibles á comunidade educativa.

GRAO DE INTEGRACIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA NOS PROCESOS DE ENSINANZA APRENDIZAXE

A biblioteca é un apoio fundamental para a formación do alumnado e tamén do profesorado nesta sociedade que demanda cidadáns dotados de destrezas para a consulta eficaz das distintas fontes informativas, a selección crítica da información e a construción autónoma do coñecemento.

No ámbito de **integrar a biblioteca como recurso e apoio no proceso de ensino-aprendizaxe**, e para promocionar e facilitar a utilización da biblioteca elaboramos un horario de biblioteca a fin de coordinar o seu uso para que cada profesor de área ou titor/ra conte cunha hora semanal no horario para impartir clases na biblioteca, sen solapamentos, independentemente doutras que lle requiran as actividades programadas.

Fomentouse o uso da biblioteca como aula de traballo e investigación e non só como lugar de lectura por pracer sen obviar esta importancia e a consecuencia que ten o fomento do gusto pola lectura.

Cada profesor puido facer uso desta aula como complemento do proceso ensino-aprendizaxe das súas materias destinando no horario unha hora para cada materia na biblioteca .

Hor/días	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª					Infantil
2ª				Xestión Félix	6º Matemáticas
3ª	5º,6º C. Sociais			5º,6º Plan Lector	
4ª	1º,2º Plan Lector	3º,4º Plan Lector		1º,2º C. Natureza	
5ª	Xestión Dori-Julio	Xestión Dori-Óscar	5º ling. Galega	Xestión Dori	

Así mesmo os recunchos que camiñan cara a biblioteca como un laboratorio como o espazo fedelleiro, ou a radio escolar contribuen ao desenvolvemento das competencias clave mellorando indudablemente a comunicación lingüística, a expresión oral, o traballo colaborativo, a investigación, a organización da información... así como outras destrezas que o uso destas ferramentas esixe.

O éxito e motivación dos rapaces en calquera destes novos espazos é moi alto; o que nos leva a priorizar o traballo cara vindeiros cursos neste senso. Elaborar máis materiais para o uso dos escornabots e sistematizar o uso da radio. No Claustro **proponese a posible introducción de radio escolar como materia de libre configuración**. Deste xeito esta hora de plan lector que afecta ademais de a 4º e a 6º a 3º e 5º dado que están unidos os niveis, terían a materia de radio escolar.

O profesorado usa a biblioteca como recurso, buscando materiais de consulta que tanto poden ir ás aulas como consultalo na biblioteca. A día de hoxe é o motor que dinamiza a vida do centro, dende espazo para a lectura por pracer, lugar para buscar fontes de información, ou punto dinamizador das conmemoracións, traballos de investigación ou simplemente para consultar e ampliar ou reforzar os contidos que se están a traballar.

Proxecto Radio Escolar: seguiremos a traballar buscando as oportunidades para introducir a radio escolar no currículo sempre que podamos, dada a acollida que ten no alumnado, as destrezas e competencias que desenvolve o uso desta ferramenta. Supón unha nova linguaxe, promove a expresión oral, a alfabetización múltiple, o traballo colaborativo. Por outra banda vén a ser un apoio importante para os proxectos a desenvolver, podendo convertirse incluso no produto final.

Este curso comezamos a andar con este proxecto coa formación para o profesorado e para o alumnado. Gravar un programa supón traballo antes: investigación, análise e organización da información, elaborar unha escaleta, expresión oral e a inclusión, é unha ferramenta motivadora que desperta o interese e facilita a inclusión de todo o alumnado. Foi espectacular a capacidade de reflexión e control que realizou un neno hiperactivo no control da mesa, presentando algún programa dos levados a cabo, así como o interese por preparar a súa participación nos programas elaborados.

A través da radio dinamizamos tamén a lectura e a escritura, a biblioteca; na radio cabe todo por iso estamos a valorar a posibilidade de introducir a radio escolar como a materia de libre configuración e pendentes de facer esta consulta á consellería.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/taxonomy/term/152>

Proxecto Escornabots: Outra ferramenta altamente motivadora, e tamén con moitas posibilidades de favorecer a inclusión.

Elaboramos algúns materiais para C. Sociais, Ciencias da Natureza, para dinamización da lectura. Aparece como un xogo que desenvolve destrezas, ademáis de acceder ao currículo dun xeito innovador.

O uso desta ferramenta abarca calquer materia, require da elaboración do material polo que seguiremos a crear materiais para contar cun abanico amplo que ademáis favorece a inclusión do alumnado favorecendo o uso dos mesmos materiais co alumando de ANEAE

A biblioteca protagoniza e coordina o desenvolvemento dos proxectos de traballo, propoñendo, dinamizando e ofrecendo o seu espazo e recursos para o seu desenvolvemento. Este curso o proxecto desenvolvido no centro, en coordinación con Voz Natura xiraba entorno á etnografía que nós aplicamos no noso concello. Ao longo do curso fómomos achegando a restos de construcións como Sequeiros, muíños, escolas unitarias..que nos permitiu coñecer o seu uso, a forma de vida de antes, materiais e oficios xa desaparecidos. O noso proxecto titulou e "*Escaneando o pasado*".

A biblioteca Organizou as fontes de información, propuxo actividades que logo se desenvolveron coa coordinación dos equipos: EDLG, Actividades Complementarias e Extraescolares, a aula virtual e a alua abalar. e creou os recunchos temáticos.

O seu entronque coa programación

CONTIDOS

B1.1.	Iniciación ao coñecemento científico, toma de conciencia das súas fases e a súa aplicación nas Ciencias sociais.
B1.2.	Recollida de información do tema a tratar, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).
B1.3	Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e presentar conclusións.
B1.4	
B1.5	
	Desenvolvemento de estratexias para organizar, assimilar e recuperar a información obtida mediante diferentes métodos e fontes.
	Técnicas de traballo intelectual.
B1.6	Estratexias para desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo
B1.7	Uso e utilización correcto de diversos materiais cos que se traballa.
B1.8	
	Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficos.
B1.9	Fomento de Técnicas de animación á lectura de textos de divulgación das Ciencias sociais (de carácter social, xeográfico e histórico). A prensa escrita e dixital como fonte de información.

B1.12	Participación activa e construtiva na vida social.
B1.13	.A cooperación e o diálogo como valores democráticos fundamentais.
B1.15	Planificación e xestión de proxectos co fin de acadar obxectivos
B4.1	As idades da historia: duración e datación dos feitos históricos significativos que as acoutan
B4.2	As fontes históricas e a súa clasificación. Realización dun traballo expositivo seleccionando e clasificando distintas fontes (artísticas, literarias, gráficas, estatísticas, cartográficas, orais, etc.)
B4.3	O tempo histórico e a súa medida.
B4.4	Técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado: os mapas históricos e as liñas do tempo. Realización dunha liña do tempo que recolla os acontecementos históricos máis relevantes que marcan as idades da historia.
B4.11	Noso patrimonio histórico e cu

Identif. contidos	Identif. Criter.	Identific Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe
B1.1 B1.2	B1.1	CSB1.1.1	CAA/ CMCCT /CCL /CD	CSB1.1.1.Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido e o comunica oralmente e/ou por escrito.
B1.3 B1.4 B1.5	B1.2	CSB1.2.1	CAA/ CMCCT /CCL /CD /CSC	CSB1.2.1.Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.
		CSB1.2.2	CAA/ CMCCT /CCL /CD /CSC	CSB1.2.2.Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.
B1.6 B1.7 B1.8	B1.3	CSB1.3.1	CAA/ CMCCT /CCL /CSC	CSB1.3.1.Emprega con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados.
		CSB1.3.2	CAA/ CMCCT /CCL /CSC	CCB1.3.2.Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos.
B1.9	B1.4	CSB1.4.1	CAA/ CMCCT /CCL /CD /CSC /CSIEE	CSB1.4.1.Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico
		CSB1.5.1	CSC/CAA/ CSIEE	CSB1.5.1.Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, e amosa habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
B1.10	B1.5	CSB1.5.2	CSC/CAA	CSB1.5.2.Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.

ESTÁNDARES, COMPETENCIAS CLAVE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B4.11 B4.12	B4.4	CSB4.4.1	CSC /CAA /CCEC	CSB4.4.1. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.
		CSB4.4.2	CSC /CAA /CCEC	CSB4.4.2. Respecta os restos históricos e os valora como un patrimonio que debemos legar e recoñece o valor que o patrimonio arqueolóxico monumental nos achega para o coñecemento do pasado
B4.13	B4.5	CSB4.5.1	CSC /CAA /CCEC	CSB4.5.2. Aprecia a herdanza cultural a escala local, nacional e europea como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.
		CSB4.5.2	CSC /CAA /CCEC	B4.6. O Camiño de Santiago. O Románico. O Gótico. Proposta de realización dunha investigación e exposición sobre o Camiño de Santiago.

PROXECTO "ESCANEANDO O PASADO"

Fase 1. Na primeira etapa:

Motivación: Coa chegada do magosto, preguntamos se saben como se coidan as castañas para conservarlas o resto do ano. Aportarán información das familias. Coñecen así a existencia **dos Sequeiros**, abundantes antes neste concello dado o protagonismo da castaña, dos que a día de hoxe quedan moi poucos.

No segundo trimestre coñecemos un pouco máis do **Castro de San Lourenzo**, aproveitando que están traballando os arqueólogos xosé Gago e Xurso Ayán e do patrimonio inmaterial que tivo relevancia no noso concello: **os brindos**.

No terceiro trimestre coñecemos algúns oficios: o muiñeiro, zoqueiro, traballos como a malla, a agricultura e as escolas unitarias.....

Fase 2. Recollida de información: Empregamos varias fontes:

Os Sequeiros: Fontes de información directa: Visitamos o souto de Paramedela. Acompañounos Felipe, un garda forestal da zona, promotor da restauración por parte da Xunta deste souto e sequeiro, que nos aportou información sobre o castiñeiro e a castaña, así como a importancia na vida das persoas en tempos pasado.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/629>

Tamén nos visitou Natalia, unha ex alumna do colexio, procede da localidade do Mazo, donde hai un conxunto etnográfico de Sequeiros, algúns en ruínas e nos aportou información e fotos.

Os brindos: Realizamos no centro un obradoiro de brindos e regueifas con dúas regueifeiras: Alba e Sandra.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/640>

Investigacións sobre os brindos. Entrevista á unha familiar dun brindeiro da Pobra, e recollida de información, na biblioteca municipal, do libro de Xosé Lois Foxo, “Os últimos brindeiros de Forgas”.

Convivencia con IES de Vila de Cruces que están a traballar sobre a regueifa. Festival conxunto na casa da Cultura Olga Novo no que participaron alumnado de Vila de Cruces e do CEIP da Pobra do Brollón.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/650>

Outras fontes: recuncho temático na biblioteca, páxinas da coordinadora Galega, wikipedia, en relación ao castiñeiro, a castaña e o magosto. Materiais de consluta sobre a flora da Ribeira Sacra, as familias e veciños, mestras xubiladas.

O castro de San Lourenzo: Visita ao Castro acompañados do arqueólogo Xosé Gago.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/646>

Entrevistamos en radio Guímaro a Xosé Gago

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/661>

Entrevistamos en Radio guímaro ao arqueólogo Xurxo Ayán

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/657>

Realizamos unha visita á cidade de Lugo con abundantes pegadas da nosa historia: museo provincial, Domus da Mitreo, a casa dos mosaicos, paseo pola muralla.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/647>

Algúns oficios: Na aula virtual recolleemos unha selección de acerca de oficios como os zoqueiros, os muiñeiros, e traballos como a malla.

As escolas unitarias: o alumnado recolleu información nas súas localidades a través dunha plantilla.

Investigamos na documentación do centro.

Acudiron ao centro unha mestra xubilada e cociñeira que abriron o centro.

Temporalización: A recollida, análise e organización da información levarase a cabo ao longo do curso segundo a temática a tratar.

Para a elaboración dos portafolios contan cun esquema de traballo. (Anxo III)

Fase 3. final: Esta fase levarase a cabo no terceiro trimestre. O alumnado de quinto e sexto pofundizará sobre os Sequeiros, os brindos, e as escolas unitarias.

O Castro de San Lourenzo: presentación

Os brindos: Programa de radio escolar

Os sequeiros: Panel informativo Que colocamos nun soporte

O resto do alumnado aportará traballos en relación á etnografía da súa localidade.

As escolas: presentación e exposición fotográfica, que aínda se está a rematar.

Fase 4. Avaliación

Indicadores de logro

B4.1 1 B4.1 2	B4. 4	CSB4.4.1	CSC /CAA /CCEC	Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.
		CSB4.4.2	CSC /CAA /CCEC	Respecta os restos históricos valoraos como un patrimonio que debemos legar e recoñece o valor que o patrimonio arqueolóxico monumental nos achega para o coñecemento do pasado
B4.1 3	B4. 5	CSB4.5.1	CSC /CAA /CCEC	Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo
		CSB4.5.2	CSC /CAA /CCEC	Aprecia a herdanza cultural a escala local, nacional e europea como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.

Identif. contidos	Iden. criterio	Identific Estánd	Competencias clave	Indicadores de logro
B1.1 B1.2	B1.1	CSB1.1. 1	CAA/CMCCT / CCL /CD	Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante. Analiza, obtén conclusións e reflexas
B1.3 B1.4 B1.5	B1.2	CSB1.2. 1	CAA/CMCCT / CCL /CD /CSC	Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para elaborar os traballos
		CSB1.2. 2	CAA/CMCCT / CCL /CD /CSC	Manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos
B1.6 B1.7 B1.8	B1.3	CSB1.3. 1	CAA/CMCCT / CCL /CSC	Emprega con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar os traballos.
		CSB1.3. 2	CAA/CMCCT / CCL /CSC	Expón oralmente de forma clara e ordenada a información recollida e organizada.
B1.9	B1.4	CSB1.4. 1	CAA/CMCCT / CCL /CD /CSC /CSIEE	Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal
B1.10	B1.5	CSB1.5. 1	CSC/CAA/ CSIEE	Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, e amosa habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
		CSB1.5. 2	CSC/CAA	Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario

Criterios de Avaliación

B1.1.Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados

B1.2.Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates,

valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais.

B1.3. Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.

B4.4. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.

B4.5. Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.

Avaliar o proxecto

aspectos	Excelente	Ben	Regular	Mal
As actividades gustáronme				
A organización				
Os contidos aprendidos				
Este traballo sérveme na miña vida				
Gustoume traballar en equipo				
O uso das Tics valoro				
Descubrin coñecementos				

Avaliar @s alumn@s

Aspectos	Moi bo	Bo	regular	mal
Traballo individual				
Participa nas actividades				
Responsabilidade				
Adquire procedimentos				
Traballo colectivo				
Participación na investigación				
Redacción elaboración do proxecto				
Colaboración				
Presentación oral				

AVALLACIÓN

A avaliación permítenos coñecer en que medida acadamos os obxectivos. De igual xeito que establecemos obxectivos en varios ámbitos terémolos tamén en conta a hora de avaliar.

A avaliación será continua e global e terá en conta o progreso ou melloras dos tres ámbitos. Será global porque se realiza ao conxunto de capacidades expresadas nos

obxectivos e criterios de avaliación, e continua porque é un elemento inseparable ó longo de todo o proceso.

Inicial: Permítenos coñecer a situación de partida coñecementos e experiencias anteriores. Os datos aquí obtidos son fundamentais para determinar os obxectivos. Por tanto, posúe unha función informativa e indícanos o punto de partida.

- Realizarase No mes de setembro primeira quincena de outubro
- Consistirá en usar as enquisas que se atopan no portal de BE no apartado de avaliación
Análise e situación da biblioteca

A enquisa para o alumnado

Pedirase ao profesorado que cubra a enquisa que tamén se atopa no portal de BE **Isto** permitíranos establecer tablas ou gráfico comparativos a través dos que podemos visualizar as melloras, estancamentos, necesidade de modificacións...visualizaremos os puntos fortes e aquelas facetas que debemos mellorar.

Como se informará á familia?

Na reunión xeral de inicio de curso sempre está presente información tamén da biblioteca Danse a coñecer as directrices do funcionamento e xestión, as necesidades, as liñas xerais do plan anual de lectura.

Continua / Formativa: Levarase a cabo durante todo o proceso do desenvolvemento das actividades de dinamización ou xestión ou fomento da lectura. Permítenos comparar a situación actual coa inicial e os obxectivos propostos. Baséase na observación centrada no comportamento, na participación das actividades, na análise dos traballos e na repercusión na mellora das aprendizaxes. Por tanto, é unha avaliación progresiva para ir analizando a adquisición de obxectivos e competencias.

- **Con que temporalización se avalia:** Despois de levar a cabo as actividades propostas. Analizando os éxitos, os erros e as posibles causas, establecendo as melloras.
- **Que aspectos se valorarán en relación á biblioteca.**

En relación ao alumnado

- Respecta aos mestres, aos compañeiros/as.
- Coida os libros e o mobiliario.
- Traballa en silencio, sen molestar aos compañeiros/as.
- Respecta as normas da biblioteca
- Presenta os traballos ordenados, con boa letra, respectando os marxes, sen faltas de ortografía, separando os exercicios...

- Utiliza a biblioteca para ler, para consultar información, para realizar tarefas, como servizo de préstamo.
- Mostra curiosidade polos recunchos temáticos, por coñecer os escritores.
- Coñece como se organiza a biblioteca, os criterios da CDU

En relación ao profesorado

- Integra o uso da biblioteca no desenvolvemento da programación
- Usa os materiais da biblioteca para o alumnado para a súa propia formación
- Implícase e colabora na organización, xestión, na dinamización

En Relación ás familias

- Valora a existencia da biblioteca como un recurso
- Participa nas actividades de xestión, organización e dinamización
- **Sumativa ou final:** Constitúe un balance dos resultados obtidos na formativa. É unha síntese das outras e certifica o resultado das aprendizaxes, das competencias das destrezas no uso da biblioteca.

Instrumentos da Avaliación

instrumentos variados derivados tanto da avaliación obxectiva coma da subxectiva:

- Obxectiva: Mediante enquisas,
- Subxectiva: Baseándose en procedementos de observación.

De forma directa: O uso da biblioteca polo alumnado e o profesorado.

De forma indirecta: Analizar o servizo de préstamo a través de Meiga.

Análise e produción: produción orais, textos escritos, axenda de lectura, traballos.

Intercambio oral: Diálogo, entrevista, posta en común, debate, tarefas de grupo

PREVISIÓNS DE FUTURO

A necesidade prioritaria será a de continuar na integración do PLAMBE, que facilitará a continuidade e desenvolvemento deste proxecto en todos os seus ámbitos.

Outra prioridade é aumentar a dispoñibilidade horaria de adicación á biblioteca.

A) Organización e Xestión da biblioteca

- Continuar coa catalogación dos fondos a través do Meiga e crear listaxes temáticas.
- Carnés de bibliotecarios para [todo@s@susuari@s](mailto:todo@susuari@s).
- Obradoiro de recuperación de libros e creación das bibliotecas de aula.
- Mantemento dos grupos de colaboradores biblioaxudantes
- Información documental da biblioteca

- Adquisición de fondos equilibrando a colección: contos, material de consulta, audiovisual....
- Mantemento do blog.
- Servizo de préstamo para o alumnado e para as aulas
- Aumentar a composición do Equipo de Biblioteca e a dedicación horaria.
- Facer máis visible o espazo fedelleiro e organizar os materiais que se van creando.

B) A biblioteca como centro de recursos.

Seguiremos a traballar para que a biblioteca escolar sexa un elemento estratéxico para a innovación pedagóxica que axuda a revitalizar as prácticas educativas e a vida cultural do centro proporcionando ao alumnado e ao profesorado a oportunidade para o emprego de recursos diversos que permitan unha progresiva autonomía na aprendizaxe.

- Manter horarios para os cursos de uso da biblioteca
- Recunchos de material de consulta para @s alumn@s eo profesorado
- Estandarizar o uso da radio escolar a través de afondamento en lingua castelá e lingua galega na materia de libre configuración.
- Divulgación do material co que conta a biblioteca.
- Traballar destrezas para a selección e consulta eficaz das distintas fontes de información así como para a selección o ordenación desta para a construción autónoma do coñecemento.

C) Fomento da Lectura e da escritura

A biblioteca será o espazo privilexiado para o achegamento á lectura: contos literarios, cómic, poesías... e para acadar a madurez de creatividade para ser capaces de producir os seus propios textos. O soporte do desenvolvemento do proxecto lector.

- Dinamizar o recuncho “Guimariñoleo” donde se nos informará de todas as novas e propostas que xurdan dende a biblioteca. Dentro deste recuncho haberá un espazo para as suxerencias d@s_alumn@s .
- Mantemento dos clubs de lectura
- A mochila viaxeira Dada a acollida positiva que tivo, así como a implicación das familias seguiremos con esta actividade.
- Hora de Ler.
- Sesións con escritores de libros lidos que os acheguen a un coñecemento máis profundo, á cercanía, e a considerar aos escritores persoas próximas a eles.
- aproveitamento dende a biblioteca dos recursos humanos da zona para enriquecernos coa información que nos aportan.

- aproveitamento das institucións que nos achegan á cultura e á dinamización da biblioteca: concello, biblioteca municipal, colectivo Lemos lé.
- Seguir a traballar para que biblioteca sexa unha oportunidade para exercitar as competencias intelectuais e emocionais, para convivir e construír cidadanía crítica, activa e constructiva.

D) Formación de usuarios e tratamento da información

Dar a coñecer na maior medida do posible tanto ao alumnado como ás familias que desexen colaborar os criterios de CDU e o funcionamento de Meiga a fin de poder contar coa automatización dos fondos na súa totalidade.

Formar e dinamizar o funcionamento do equipo dos biblioaxudantes.

Manter as xornadas de portas abertas para as familias en relación á organización, sestión e uso da biblioteca.

Animar ás familias a involucrarse e aumentar a participación nas actividades promovidas dende a biblioteca.

Reforzar a formación do profesorado para un maior uso dos recursos cos que conta a biblioteca.

Afianzar a colaboración cos entes de cultura do concello, a concellaría, a biblioteca municipal ou calquer ente que contribúa a construción da sociedade lectora.

Convertir a biblioteca no espazo que propicia o deseño e desenvolvemento de traballo por proxectos que para a adquisición da competencia informacional.

Coñecer e aproveitar as posibilidades que ofrece a biblioteca para a incorporación de metodoloxías innovadoras e consecuentes coas necesidades educativas actuais.

A RESPONSABLE DA
BIBLIOTECA ESCOLAR

Vº E PRACE
A DIRECTORA:

Asdo: Adoración Fernández González

Asdo: Adoración Fernández González